

INSTRUMENTO INVEST EU

4 de novembro, semipresencial

Sede da Axencia Galega de Innovación (Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela)

Idioma: inglés e castelán

Que é o Invest EU?

InvestEU é o novo instrumento lanzado pola Comisión Europea para mobilizar inversións públicas e privadas. Este novo instrumento apoiará os proxectos de investimento do Banco Europeo de Investimentos (BEI) e outros socios financeiros, aumentando a súa capacidade para asumir riscos.

Enmarcado no marco financeiro plurianual 2021-2027 e no Next Generation, dará prioridade ás operacións de financiamento que sexan de importancia estratéxica para a Unión Europea. O InvestEU conta cunha garantía orzamentaria de 26.200 millóns de euros.

Obxectivos da xornada:

- Presentar a estrutura do programa.
- Detallar os criterios para acceder aos fondos de InvestEU.
- Explicar as sinerxías entre este instrumento e outros fondos, como o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia ou os Proxectos Importantes de Interese Común Europeo (IPCEI).



Programa:

11:30 - 13:30h - Benvida.

- Estrutura do programa: Fondo Invest EU, Centro de Asesoramento, Portal de proxectos.
- Criterios para recibir unha axuda.
- Calendario de convocatorias previsto ata 2027 e presentación de propostas - Plataforma IA.
- Entidades xestoras asociadas: BEI, ICO.
- Invest EU e sinerxías con outros programas:
 - Obxectivos para a recuperación económica: Pacto Verde Europeo, a transición dixital ou a nova estratexia industrial para Europa
 - Sinerxías con outros fondos:
 - Mecanismo para unha Transición Xusta (MTX): Plans Territoriais de Transición Xusta
 - Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e Fondos Estruturais
 - Proxectos Importantes de Interese Común Europeo (IPCEI)

Relatores:



Florián Pariente (BEI)

Loan Officer do Banco Europeo de Inversións (BEI)



Michael Feith (DC ECFIN)

Policy Officer - InvestEU na Comisión Europea



Martín Larroque (ICO)

Financiación Internacional e Asuntos da Unión Europea
Instituto de Crédito Oficial (ICO)

MODERA:

M^a Luisa Boquete

Directora da Área de Programas
da Axencia Galega de Innovación



